

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARTEIXO

Contratación, Bens e Patrimonio

Expediente de investigación de oficio para determinar a titularidade do camiño que transcorre polo interior das parcelas catastrais 15005A01100478 e 15005A01100042 en Branquenza

Concellería en Materia de Contratación, Patrimonio, Turismo e Novas Tecnoloxías

Expediente.- 2025/X999/000048

Mediante Decreto nº 1419/2025 de data 23/05/2025, ditado pola Concelleira de Contratación, Patrimonio, Turismo e Novas Tecnoloxías dona Patricia Amado Varela (no exercicio das competencias que lle foron conferidas mediante o Decreto da Alcaldía nº 1243/2023 de data 08 de maio de 2025), resolveuse iniciar o **expediente de investigación de oficio** para determinar a titularidade do camiño que transcorre polo interior das parcelas catastrais 15005A01100478 e 15005A01100042 en Branquenza aos efectos da súa inclusión ou non no Inventario Municipal de Bens (Expediente nº 2025/X999/000048).

O que se pon en xeral coñecemento, de conformidade co previsto nos artigos 49 e 50 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, sinalando que no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao que deba darse por terminada a publicación do anuncio no taboleiro de edictos do Concello (transcorridos 15 días hábiles dende a publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña), os interesados poderán presentar as alegacións que estimen oportunas, acompañando todos os documentos en que funden as mesmas.

En Arteixo, 29.05.2025.- Patricia Amado Varela. Concelleira de Contratación, Patrimonio, Turismo e Novas Tecnoloxías.
(PD.: Decreto 1243/2025 de data 08 de maio de 2025)

2025/3615